



Nº EXPEDIENTE: 2025/SUBDIREC/000038

ASUNTO: OUTORGAMENTO DUNHA ACHEGA ECONÓMICA A ENTIDADE ASOCIACIÓN CULTURGAL PARA A PROMOCIÓN DO CULTURA GALEGA NO CONCELLO DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DO APOIO Á ORGANIZACIÓN DO "CULTURGAL 2025"

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN

Examinado o expediente tramitado para conceder a subvención directa que se sinala no asunto, resultan acreditados os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. A ASOCIACIÓN CULTURGAL (G70259924) presentou o 09/10/2025 escrito con número de rexistro 2025048604 no que solicita unha axuda económica de 42.000,00 euros con motivo da organización do "CULTURGAL 2025".
2. A vista da solicitude, polo Concelleiro de goberno responsable da área de Dinamización Cultural emítese providencia para o inicio do expediente para a tramitación dunha subvención directa establecendo as condicións básicas da mesma.
3. Incorpórase ao expediente informe económico sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e informe proposta de aprobación da subvención directa, ambos asinados pola dirección do servizo de infraestruturas culturais.
4. O 13/10/2025 o servizo de infraestruturas culturais remitiu ao servizo encargado da elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 (en diante PES) a ficha da subvención que nos ocupa.
5. Consta no expediente informe da Asesoría Xurídica Municipal de data 30/10/25.
6. Incorpórase ao expediente, a resultados do sinalado no informe da asesoría xurídica, unha nova memoria asinada en data 30/10/2025 polo Director Xeral de Urbanismo e Servizos Xerais.
7. A Intervención Xeral, con data 12/11/2025, emitiu informe de fiscalización previa limitada de conformidade co disposto no artigo 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), así como no artigo 58 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
8. Incorpórase ao expediente informe do Director Xeral de Urbanismo e Servizos Xerais do 17/11/2025 sobre o informe de fiscalización previa limitada da intervención xeral municipal.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece que o municipio, exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia obxecto da subvención, o que xustifica a utilidade pública e interese social na concesión da axuda

Segunda.- O artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra dispón que son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Terceira.- O artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, establece que poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos.





Cuarta.- A entidade Asociación CULTURGAL acredita no expediente que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Municipal, coa ATRIGA, coa AEAT, e coa TXSS, e figura no expediente a documentación xustificativa destes extremos. Ademais, segundo os datos dos que dispón o Servizo a entidade no se atopa incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2. da LXS, e cumpre coas bases que regulan este procedemento, co Regulamento Municipal de Subvencións e coa a Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- O evento cultural para o que se solicita a axuda é un evento de grande interese público e social, polo elevado número de participantes e espectadores, como escaparate para as novidades artísticas e creativas no mundo do libro, o teatro, o audiovisual, a música, a tecnoloxía e a arte contemporánea, pola promoción do turismo e da economía do noso municipio. Deste xeito, a celebración do evento na cidade de Pontevedra suporá, por un lado, a posta en valor da cultura galega e, por outro, o fomento e a difusión da cidade como promotora de eventos culturais de primeiro nivel, promovendo a súa imaxe e a súa oferta cultural, turística, comercial e deportiva. A importante repercusión e difusión do evento e o elevado número de participantes e espectadores que se achegan á cidade, fan que as actividades programadas teñan un importante retorno económico para a veciñanza, promovendo a promoción da imaxe de Pontevedra como escenario dunha feira cultural de alto nivel.

De conformidade co anterior, esta Administración considera de interese o outorgamento dunha axuda económica, por importe máximo corenta e dous mil euros (42.000,00 €), con motivo da organización do “Culturgal 2025”.

Sexto.- A competencia para a concesión de subvención directa co carácter de nominativa corresponde á Alcaldía, en función do establecido no artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións, no artigo 124.4.n) da Lei 7/1985 e no artigo 13.2.n) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal. A dita competencia delegouse por decreto da Alcaldía de data 17.09.2024 nos/as concelleiros/as de goberno delegados/as de área segundo o seu ámbito funcional, en concreto no caso que nos ocupa, no Concelleiro da área de Dinamización Social e Cultural.

Pola súa banda, a sinatura do convenio corresponderá ao Alcalde, ao abeiro do artigo 124.1 e 4.ñ) da Lei 7/1985, que lle atribúe a máxima representación do municipio e a chamada competencia residual.

Consonte cos fundamentos xurídicos expostos, unha vez informada a existencia de crédito pola Oficina de xestión presupuestaria e contabilidade e informado o expediente de conformidade pola Intervención Xeral municipal,

ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención prevista nominativamente nos orzamentos municipais a entidade ASOCIACIÓN CULTURGAL (G70259924), para apoiar a organización do “Culturgal 2025” por importe de corenta e dous mil euros (42.000,00 €), nos termos previstos na memoria do Director Xeral de Urbanismo e Servizos Xerais e no convenio regulador da axuda.

A achega económica financiará como máximo o 50% do importe do gasto total do programa subvencionado, co límite de corenta e dous mil euros (42.000,00 €).

Segundo: Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se indica:

APLICACIÓN	OPERACIÓN CONTABLE	IMPORTE
09-3342-48900	12025000066309	42.000,00 €





Terceiro.- Aprobar o texto da proposta de convenio regulador da subvención que se incorpora ao expediente como anexo a presente resolución (CSV: 2FJ2PH8YWYN1KZ1Z).

Cuarto.- Unha vez asinado o convenio regulador inserirase no portal de transparencia e darase conta deste e da presente resolución de concesión á Intervención Xeral para a súa remisión á Base de Datos Nacional de Subvenciones, a efectos da publicidade prevista no art. 20.8 da LXS.

Así o manda e asina o concelleiro da área de Dinamización Social e Cultural e da fe do acto o Secretario da Administración Municipal.

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

